

RELATO: O NOSO CONCELLO

Bande, concello arraiano por historia, sito ao sur da provincia de Ourense e enmarcado en pleno corazón do parque natural Baixa Limia – Serra do Xurés, conta cun legado histórico incomparable que o fai referente do mundo romano e da época hispano-visigoda a nivel nacional.



Neste territorio, habitado dende tempos inmemoriais, aínda quedan latentes as pegadas que nos deixaron moitas civilizacións. Numerosos restos arqueolóxicos espallados por toda a súa xeografía así o testemuñan: dolmens, petróglifos, castros, pozas de aire, patrimonio etnográfico, etc.

CONCELLO DE BANDE

Rico en patrimonio inmaterial, como así o testifican as súas festas: Entroido, Peixe ou danzas brancas, e fascinante en canto a riqueza natural. Unhas xenerosas augas termais brotan impetuosas nunha paraxe de indubidable beleza que invita á relaxación. Trátase das augas mineiro medicinais dos Baños, con temperaturas comprendidas entre os 36° e 48° e xa aproveitadas durante a época romana.

Bande conxuga tradición e modernidade, deporte e descanso, melodía e literatura. En Bande emprenderemos unha viaxe polo noso pasado nun lugar cheo de historia e historias. Non deixes que cho conten, vén a vivilo connosco.



www.concellobande.com www.facebook.com/concellodebande







DEPUTACIÓN OURENSE · inorde · OURENSE · galicia · XUNTA DE GALICIA